



CONCELLO DE MUROS
(A CORUÑA)

BASES DOS CAMPAMENTOS DE VERÁN 2017

Instrucións para inscribirse.

1. O prazo de inscrición nos campamentos establécese do seguinte xeito: **do 15 de maio ao 2 de xuño (ambos inclusive).**

2. Para inscribirse nos campamentos de verán deberá poñerse en contacto coas oficinas do Centro Cultural e Xuvenil de Muros ou do Casa da Sociedade de Esteiro:

- De xeito presencial.

No horario de apertura das oficinas do Centro Cultural e Xuvenil de Muros e da Casa da Sociedade Esteiro.

IMPORTANTE: Durante o tempo que a Casa da Sociedade de Esteiro permaneza pechada, as inscricións deberán facerse no Centro Cultural e Xuvenil de Muros.

3. O/a solicitante só poderá participar nunha soa quenda (no caso de que houbera prazas sobrantes noutras estudarase a súa inclusión) e cada unha destas contará cun número mínimo de 10 e máximo de 60 alumnos/as.

4. As cotas por quenda son de:

- 8,00 € cada participante.

5. As quendas e idades establécense do seguinte xeito:

- Muros: nados/as nos anos 2011/2010/2009 do 18 ao 28 de xullo.
- Muros: nados/as nos anos 2008/2007/2006 do 14 ao 25 de agosto.
- Esteiro: nados/as nos anos 2011/2010/2009 do 3 ao 14 de xullo.
- Esteiro: nados/as nos anos 2008/2007/2006 do 31 de xullo ao 11 de agosto.

6. Horario do campamento: de 10.30 h - 13.30 h de luns a venres na quenda que corresponda (os días festivos non terá lugar o curso).

7. Información:

- Centro Cultural e Xuvenil de Muros: 981 762 294

Concello de Muros



CONCELLO DE MUROS
(A CORUÑA)

- Casa da Sociedade de Esteiro: 981 763 487. As inscricións deberán facerse no Centro Cultural e Xuvenil de Muros durante o tempo que a Casa da Sociedade de Esteiro permaneza pechada.

Requisitos

1. Para poder asistir aos campamentos é preciso:

- Nacer nalgún dos anos correspondentes ás diferentes quendas.
- Non padecer ningunha enfermidade que lle impida practicar deporte.

2. O pai, nai ou titor/a deberá cumprimentar a pertinente autorización de participación nos cursos.

3. Calquera circunstancia que non apareza nestas bases será tratada de maneira individual, previa solicitude do interesado/a (así como calquera circunstancia de carácter especial que se poidera producir).